

Nacionalismo e anarquismo na Galiza: un vínculo “feble” pero vivo e “persistente” no tempo

Montse Dopico @montsedopico

venres 1, maio 2020



Imaxe da portada do libro ‘Nacionalismo e anarquismo na Galiza (1840-1940)’, (Positivas), de Dionisio Pereira e Eliseo Fernández © Edicións Positivas

A relación entre nacionalismo e anarquismo foi feble. Pero existiu e persistiu ao longo do tempo. Esta é unha das principais conclusións do ensaio ‘Nacionalismo e anarquismo na Galiza (1840-1940)’, (Positivas), de Dionisio Pereira e Eliseo Fernández.

A relación entre nacionalismo e anarquismo foi feble. Pero existiu e persistiu ao longo do tempo. Esta é unha das principais conclusións do ensaio ‘Nacionalismo e anarquismo na Galiza (1840-1940)’, (Positivas), de Dionisio Pereira e Eliseo Fernández. Este vínculo foi, segundo estes dous autores comentan neste libro, “fío do préstamo, colaboración ou intercambio cultural ou ideolóxico, que iría dende as “anarquías literarias” de Faraldo e Manoel Antonio até o pequeno espazo que a cultura popular galega gozou non só nas entidades socioculturais e nos medios de comunicación libertarios (periódicos, orfeóns, bibliotecas, atenos, imprentas...), senón na propia sociabilidade dos sindicatos da que non se debe excluír nin o activismo nin as actividades compartidas”.

O poeta Manuel Antonio é a figura que podería representar na Galiza “a achega do anarquismo ou anarcosindicalismo, o republicanismo e as Irmandades da Fala”

O caso do poeta Manuel Antonio é, segundo Pereira e Fernández, particular, xa que é a figura que podería representar na Galiza “a achega do anarquismo ou anarcosindicalismo, o republicanismo e as Irmandades da Fala”. **O anarquismo “é a suprema Ley d’Estética”, escribiu o rianxeiro no 1921 nunha carta a Victoriano Taibo, sendo dirixente da Mocidade Galeguista de Vigo. Un ano despois publicou con Álvaro Cebreiro o coñecido manifesto “Máis Alá”, con referencias á “anárquica dileición individual” ou a negación “da Lei e d’Costume”.** Na súa correspondencia con Cebreiro, Rafael Dieste e Ramón Vilar Ponte amosou a súa postura “favorable a unha acción revolucionaria contra a Ditadura (de Primo de Rivera) que alentara a independencia de Galiza, como o seu achegamento ao anarquismo e tamén ao sindicalismo”, tras deixar a Irmandade Nazionalista Galega.

“Eu considero-me” -escribiu Manuel Antonio nunha carta a Álvaro do Cebreiro, en 1924, “fora d’a Irmandade por que resulta estreita demais prá cantidade e intensidade de Nazionalismo que eu sinto. **Cada volta vexo-me mais afincado n-as miñas ideas sindicalistas: suprimindo o Estado, outra d’as ventaxas que s’arrecadan é a de suprimir a política; e a política, vou vendo que é a nosa gran doenza racial, a que mais axiña compre aniquilar**”. Aínda que a interpretación deste tipo de declaracións que un dos principais biógrafos de Manuel Antonio, Xosé Ricardo Losada, achega no seu libro *Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego* (Galaxia), é diferente da de Pereira e Fernández.

O poeta non realiza -asegura Losada- achegas prácticas ao anarquismo, un movemento moi presente en Galicia na súa época, e sobre todo na Coruña

Xa que non houbo, na opinión de Losada, nada na vida nin na obra do poeta “que nos permita deducir un talante e unha disposición politicamente revolucionaria”, mais alá das “declaracións altisonantes e privadas sobre o anarquismo, a violencia e o arredismo” e menos se por revolucionario entendemos alguén que na súa práctica cotiá intenta “transformar radicalmente o mundo no que vive”. O poeta non realiza -asegura Losada- achegas prácticas ao anarquismo, un movemento moi presente en Galicia na súa época, e sobre todo na Coruña.

Aínda que, segundo apuntan Pereira e Fernández, publicou o pequeno ensaio ‘O Estado’, no que “denunciaba dende un punto de vista ácrata a esencia liberticida da institución estatal”. **Mais o seu espírito -segundo Losada- é máis “aristocrático”, elitista,** que revolucionario, pois móvese toda a vida na contradición entre arelar ser un revolucionario e ser “un burgués” de familia burguesa e con amizades burguesas. Polo que só propón -afirma- “a violencia como arma política” en privado e ante quen sabe “que nunca aceptará” e non nos ámbitos anarquistas nos que non era simple pose e provocación. Na Ditadura de Primo de Rivera non opta, de feito, polo anarcosindicalismo, senón polo “ensimesmamento interior”.

DIONÍSIO PEREIRA
ELISEO FERNÁNDEZ

NACIONALISMO E ANARQUISMO
NA GALIZA (1840-1940)



A pegada social, e socialista, da obra de Rosalía de Castro é tamén salientada por Eliseo Fernández e Dionisio Pereira para analizar a súa posible relación co pensamento ácrata

A pegada social, e socialista, da obra de Rosalía de Castro é tamén salientada por Eliseo Fernández e Dionisio Pereira para analizar a súa posible relación co pensamento ácrata. **Os autores de 'Nacionalismo e anarquismo na Galiza' citan a edición de Anxo Angueira de Cantares Gallegos (Xerais), na que este comenta do poema que Rosalía dedicou ao xornalista e escritor Roberto Robert que “fala dun dos grandes eixos do discurso político de P.J. Proudhon”: a propiedade.** “Igal que un texto que nos ía falar da proba do porco e da matanza e da vida idealizada da aldea acaba falándonos da exclusión dos que non teñen, un texto que ía para folclórico acaba sendo social e político, así a dedicatoria de circunstancias superficiais esconde en realidade as veciñanzas ideolóxicas de Rosalía e Roberto Robert no radicalismo político e ó mellor tamén nalgún contrapunto contra a utópica idealización da vida humilde da aldea”, explica Angueira.

Outros autores e autoras, lembran Pereira e Fernández, teñen sinalado as influencias socialistas, de Fourier a Lamennais e Proudhon, na obra de Rosalía de Castro

Outros autores e autoras, lembran Pereira e Fernández, teñen sinalado as influencias socialistas, de Fourier a Lamennais e Proudhon, na obra de Rosalía de Castro. Así, **Francisco Rodríguez -malia que sinala máis, da ideoloxía rosaliana, a súa “radical” consciencia da súa “identidade nacional galega”- indica en 'Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria' (AS-PG), que “Rosalía, muller dada á cavilación e ás ideas, tiña lecturas de socialistas utópicos, que compartía con homes amigos seus, como Roberto Robert, Segade Campoamor, Ruiz Aguilera e o propio Murguía. Ruiz Aguilera fora divulgador de Fourier e o primeiro tradutor da polémica Bastiat-Proudhon en 1860. Pi i Margall, durante o seu desterro, adicouse a traducir a Proudhon”. Ademais, subliña a influencia indirecta dos socialistas utópicos a través de escritores franceses “coma Sand e Sue, aludidos por Rosalía con profusión e recoñecidos, pola crítica académica, como influentes xa na súa novela inicial”, por exemplo por parte de Carvalho Calero.**

“Helena Miguélez ten sinalado tamén que outra das características desta obra que achegan a Rosalía e Proudhon é a crítica da propiedade e do ocio burgués”, indican Pereira e Fernández

Helena Miguélez Carballeira achegouse tamén á pegada de Proudhon en Rosalía de Castro nun artigo publicado no ensaio 'Canon y subversión: la obra narrativa de Rosalía de Castro', coordinado por Helena González e María do Cebreiro. **Na novela 'El caballero de las botas azules', de Rosalía de Castro, un dos personaxes centrais matina en establecer un banco universal, ao xeito da experiencia socialista do banco do pobo iniciada por Proudhon, lembran Pereira e Fernández.** “Helena Miguélez ten sinalado tamén que outra das características desta obra que achegan a Rosalía e Proudhon é a crítica da propiedade e do ocio burgués, ou sexa, a propiedade obtida sen traballo

polas clases ociosas”, indican Pereira e Fernández. **Non obstante, estes mesmos autores matizan despois que “as referencias socialistas e proudhonianas non son explícitas na obra de Rosalía, senón máis ben indirectas ou transversais sen unha reivindicación clara do seu pensamento e das súas posicións políticas e sociais”.**

Alén dos exemplos concretos de Rosalía de Castro ou Manuel Antonio, os autores de ‘Nacionalismo e anarquismo na Galiza’ realizan un percorrido por un século de Historia no que detectan relacións “moi febles” entre ambos movementos sociais. **“O carácter maioritariamente refractario do anarquismo galego diante do feito diferencial e a práctica ausencia dun pensamento propio que asumise o legado dos hábitos comunitarios e de contrapoder estendidos historicamente ao longo da xeografía galega, poderían explicar a mínima relevancia das tentativas teóricas propias para adaptar o esquema libertario á cultura e á idiosincrasia galega;** malia a persistencia da parroquia e das xuntas veciñais, o amplo rexeite do municipio estatal e a proliferación dos valores comunitarios e os bens en man común, este caldo de cultivo non foi aproveitado”, explican xa na introdución deste libro. “A identificación nos medios libertarios da fala e cultura populares cunha Galiza conformista e atrasada, cunha terra de “miserables y esclavos”, axudou ao desinterese”, engaden despois.



Mitin da campaña do Estatuto en Pontevedra. Fotografía de Joaquín Pintos recollida no libro ‘Nacionalismo e anarquismo na Galiza (1840-1940)’ © Positivas

A identificación nos medios libertarios da fala e cultura populares cunha Galiza conformista e atrasada, cunha terra de “miserables y esclavos”, axudou ao desinterese

Cómpre ter en conta, por outra banda, segundo estes autores, que **“o asentamento do nacionalismo e do anarquismo na Galiza tivo como punto de partida uns presupostos ideolóxicos puramente teóricos, alleos ao país para os libertarios debedores dunha visión etnográfica e tradicional para a maioría dos galeguistas**: como consecuencia, en ausencia de prácticas a contrastar, houbo unha rixidez doutrinal que dificultou o diálogo entre dúas culturas políticas que, por demais, tiñan aniñado en diferentes clases sociais”.

Malia todo, e a partir “dos estímulos procedentes da diáspora americana” -aseguran- “a percepción do país por parte dos anarquistas mudou unha migalla, e non debemos pasar por alto un ollar distinto para a terra dende unha perspectiva libertaria. Á recíproca, no galeguismo transoceánico o contacto cos movementos sociais da época inseridos en sociedades máis desenvolvidas urbana a industrialmente, provocou a aparición de individualidades nacionalistas socializantes, próximas ao arredismo e con simpatías co ideario ácrata, sustentadas en nutridas bibliotecas nas que tiñan cabida dende Proudhon, Kropotkin ou Nietzsche, até Curros, Rosalía, Murguía, Pondal ou Castelao, pasando polo “Siglo de Oro” español”.


Así, se no contexto urbano compartido con membros doutros pobos sen Estado, a colonia galega en Cuba, Arxentina ou Uruguai desenvolveu “experiencias prácticas de colaboración e confluencia entre libertarios e galeguistas, que compartiron moitas veces espazo e actuación dentro dos sindicatos ou entidades de ámbito estritamente galaico, foron, cando menos, rechamantes, incluíndo un uso menos cohibido do idioma propio”. **Noutros casos, pola contra, a emigración propiciou que a conciencia de país esvaecese para dar lugar a unha “nova identidade adoptada no territorio de acollida” ou a unha visión “a-nacionalista” confrontada con toda idea patriótica, caso por exemplo de Julio Camba, que pasa dun “precoz ideario rexionalista de xorne costumista” a unha “apátrida etapa anarquista na Arxentina”.**

Nacionalismo e anarquismo coincidiron na postura antimilitarista contra as Guerras de África a comezos dos anos 20, mais, segundo Pereira e Fernández, **“o recoñecemento mutuo foi mínimo debido á moderación ao respecto das Irmandades da Fala e á cativa asunción por ambas partes, deixando á parte determinadas individualidades (eis, Manuel Antonio), do eixo anticolonial aplicado a outro “pueblo sin historia”, o Rif**”. Tamén a “ambigüidade ou mesmo colaboracionismo” das Irmandades coa Ditadura de Primo de Rivera separou nacionalistas e anarquistas. Iso non impediu que, “aproveitando o vento portante da Revolución Rusa”, **algúns galeguistas “avanzaron durante a década dos 20 tanto en Galiza como na outra beira do Atlántico, nun concepto de internacionalismo que non eliminaba nin as nacións nin o protagonismo das súas capas populares, senón que propiciaba o aprecio e a defensa de todas as nacións en igualdade e sen subordinacións**, afastándose tanto do autismo étnico coas súas derivacións fascista e imperialista, como do cosmopolitismo que rexeitaba a diversidade nacional e non era outra cousa que a forma cultural do capitalismo”, cos exemplos de Manuel Antonio, os irmáns Vilar Ponte ou Ramón Suárez Picallo.

Certos sectores minoritarios do movemento libertario recoñeceron a especificidade identitaria da Galiza”, caso de José Villaverde, Claro Sendón, “Fausto Brand”, Vicente Castelo ou Álvaro Paradela

Na etapa republicana viñeron, deste xeito, tempos mellores para o encontro dos dous movementos. “Dunha banda, certos sectores minoritarios do movemento libertario recoñeceron a especificidade identitaria da Galiza”, caso de José Villaverde, Claro Sendón, “Fausto Brand”, Vicente Castelo ou Álvaro Paradela, ao tempo que **“un feixe de nacionalistas acreditaron nun encaixe acaído do federalismo comunal e antiestatal baseado no libre pacto propio dos anarquistas, dentro da**

idiosincrasia e da organización territorial comunitaria do país”, coma Arturo Noguerol, Manuel Antonio, Antón Vilar Ponte, Plácido Castro e Ramón Suárez Picallo. Pese a isto, afirman os autores de ‘Nacionalismo e anarquismo na Galiza’, “as eivas dos anarquistas galegos nos aspectos étnico e cultural foron determinantes”, non usando o galego no ámbito do público -si, claro, no privado- máis que máis ben excepcionalmente. Ao respecto, “os confederais reproduciron de maneira xeneralizada o desvalorizado foco que boa parte da poboación tiña do seu idioma menosprezado e sen normalizar, identificando asemada e fala e a cultura populares cun país conformista, atrasado e incorporado á indivisible nación española no seu propio beneficio”.



Postal de aninovo do Partido galeguista enviada por Luis Seoane e recollida no libro ‘Nacionalismo e anarquismo na Galiza (1840-1940)’, (Positivas) © Positivas

A figura de Claro José Sendón, responsable da Sección de Prensa e Propaganda da CNT, coa súa reivindicación do papel de Galiza na resistencia fronte ao golpe militar, favoreceu o achegamento de Castelao

O golpe do 1936 dificultou un maior intercambio entre nacionalistas e anarquistas, o cal non impediu algunhas relacións de axuda mutua. Así, na zona republicana “os grupos de militantes anarcosindicalistas de orixe galega afondaron na reivindicación da súa orixe e identidade, conformando unidades militares de voluntarios galegos ligadas á CNT tais que o Batallón “Celta” en Euzkadi e o Batallón “Galicia” en Asturias”. Máis adiante, a militancia confederal galaica formou a “Agrupación

Confederal Galaica” ou as “Juventudes Libertarias Galaicas en el Norte”, agrupamentos que tiveron dificultades para seren recoñecidos polo Comité Nacional da CNT. A figura de Claro José Sendón, responsable da Sección de Prensa e Propaganda da CNT, coa súa reivindicación do papel de Galiza na resistencia fronte ao golpe militar, favoreceu porén o achegamento de **Castelao, que colaborou ao longo do 1937 coa organización libertaria. A primeira edición do álbum ‘Atila en Galiza’ foi, de feito, editada pola “Sección de Información, Prensa y Propaganda” do Comité Nacional da CNT.**



Montse Dopico

Xornalista cultural e docente. Foi redactora nos xornais Galicia Hoxe, El Progreso e La Voz de Galicia e colaboradora de El Cultural, El Mundo, El País, Faro de Vigo e Público. Na actualidade colabora en Praza Pública.



Grazas ás socias e socios editamos un xornal plural

As socias e socios de Praza.gal son esenciais para editarmos cada día un xornal plural. Dende moi pouco a túa achega económica pode axudarnos a soste e ampliar a nosa redacción e, así, a contarmos máis, mellor e sen cancelas.

Quero ser de Praza